

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013761	IES A Xunqueira I	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Literatura universal	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	29
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

1. Introducción

A materia de Literatura Universal continúa o trazado seguido para a educación literaria na etapa anterior, á vez que complementa a abordada en Lingua Castelá e Literatura de bacharelato. O currículo desta materia organízase nos seguintes apartados: obxectivos de etapa, contidos, criterios de avaliación e orientacións pedagóxicas. O enfoque competencial establecido no desenvolvemento das competencias clave, e vinculado aos criterios de avaliación orienta o desenvolvemento do currículo desta materia.

A lectura de textos da Literatura universal contribúe ao proceso de maduración estética e intelectual dos adolescentes. O coñecemento do patrimonio cultural da humanidade posibilita que o alumnado afonde na comprensión da súa propia identidade e que sexa quen de xulgar de xeito crítico a realidade do mundo contemporáneo. Deste xeito, apóstase por un corpus textual aberto que cruza o eixe temático co de xénero, convidando os docentes á configuración de itinerarios ao redor dunha obra que será obxecto de lectura guiada e compartida na aula. O seu obxectivo é facilitarlle ao profesorado a construción de itinerarios de progreso adaptados á diversidade e ás necesidades do alumnado.

O comentario de textos representativos do patrimonio literario universal facilita que o alumnado coñeza outras realidades sociais e culturais e amplíe así a súa visión do mundo. A lectura de obras significativas da literatura universal contribúe a que os estudantes desenvolvan a competencia lingüística e afiancen os hábitos lectores que deben adquirir nos anteriores cursos da ESO. Os adolescentes afástanse paulatinamente da mera lectura argumental de obras próximas ao seu ámbito de experiencias, para acceder a obras complexas que reclaman habilidades de interpretación máis consolidadas e que abren a súa mirada a outros marcos culturais e espaciais de diferentes épocas.

Esta materia invita a que o alumnado aprecie a lectura como unha experiencia enriquecedora, baseada tanto na construción do sentido do texto como no recoñecemento das súas particularidades expresivas e discursivas. Ademais, permite a apropiación dun mapa de referencias compartidas á vez que convida ao cuestionamento crítico dun canon que deixou fóra gran parte das obras escritas por mulleres ou por autoras e autores non occidentais.

Esta proposta amálgama os grandes temas da literatura coas distintas formas e xéneros en que se concretaron en cada obra e momento histórico. O eixe temático ofrece unha base que permite atravesar épocas e contextos culturais, establecer relacións entre o hoxe e o onte e entre literaturas diversas e conectar con cuestións que lle preocuparon á humanidade ao longo dos séculos e acerca das que aínda hoxe se preguntan os adolescentes e a xuventude.

A materia de Literatura Universal debe contribuír ao desenvolvemento do individuo como lector competente, capaz de comparar e identificar textos literarios de distintas épocas, autores e autoras. Deste xeito, o alumnado de bacharelato adquirirá hábitos de traballo e estudo que favorecerán a capacidade de aprendizaxe autónomo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Ler, interpretar e valorar clásicos da literatura universal atendendo tanto ás relacións internas dos elementos constitutivos do xénero e ás súas funcións nas obras como ás relacións externas das obras co seu contexto de produción e á súa inscrición na tradición cultural, para ampliar as posibilidades de gozo da literatura e para estimular a creatividade literaria e artística.	4					1		1-2-31-32-42

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Ler de maneira autónoma clásicos da literatura universal como fonte de pracer e de coñecemento e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	2-4			3	12-50			1-2-31
OBX3 - Establecer vínculos entre obras de diferentes épocas, contextos, xéneros e linguaxes artísticas recoécendo as semellanzas e as diferenzas en función dos seus respectivos contextos de produción e da interrelación entre literatura e sociedade, para constatar a existencia de universais temáticos e canles formais recorrentes ao longo da historia da cultura.	1-2-4			1	50	1		1-2
OBX4 - Consolidar un marco de referencias compartidas a partir do coñecemento dalgúns trazos dos principais movementos estéticos e algunhas das obras literarias máis relevantes do patrimonio universal para conformar un mapa cultural no que inscribir as experiencias literarias e culturais persoais.	4			2-3		1		1-2-41-42
OBX5 - Participar na construción dun canon literario universal que integre a perspectiva de experiencia das mulleres a través da lectura de obras de escritoras e que supere os marcos da cultura occidental para desenvolver o pensamento crítico con respecto á construción discursiva do mundo e dos seus imaxinarios.	1-2-4				40	1		1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A poesía lírica e a canción	Esta unidade didáctica está dedicada ao estudo da identidade do eu literario a través do achegamento do alumnado á poesía lírica e á canción, desde o punto de vista musical, como as manifestacións máis coñecidas da expresión da sentimentalidade. O docente preparará unha escolma con composicións poéticas variadas co fin de identificar e explicar as súas principais características formais e temáticas, así como a evolución histórica das mesmas a través das semellanzas e diferenzas observadas nos textos,	10	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A poesía lírica e a canción	autores/as, compositores/as, obras e movementos propostos. Para a realización da tarefa final, o alumnado quedará dividido en grupos aos que se lles adjudicarán catro tópicos literarios diferentes. Deben seleccionar un texto poético procedente de distintos períodos literarios, unha composición pictórica e unha canción que ilustren cada universal. Finalmente, han de elaborar un videoclip cunha composición musical orixinal ou un videopoema que reúna os catro tópicos abordados en cada grupo.	10	15	X		
2	A literatura biográfica, a realidade ficticia e a narrativa existencial	Esta unidade didáctica estudará as principais manifestacións da literatura biográfica, a realidade ficticia ou representada e a narrativa existencial, incidindo especialmente na caracterización dos personaxes en crise. O docente proporcionará ao alumnado unha selección de diarios, cartas, memorias e autobiografías procedentes de distintos períodos históricos e movementos da literatura universal para examinar as súas características temáticas e formais máis relevantes. A continuación, proporase aos estudantes a elaboración dun proxecto de composición creativa consistente na realización e edición dun relato dixital en primeira persoa que formule un interrogante de carácter emocional, metafísico ou existencial. Cada alumno/a debe redactar o guion literario a partir das pautas traballadas en clase, o plan gráfico da historia (con Storyboard), incluílo no seu portfolio da materia, escoller as imaxes (con licenza Creative Commons) e a música, gravar o vídeo e publicalo no blogue de aula.	10	15	X		
3	Dialogar cos demais: o teatro	Esta unidade didáctica estará dedicada ao estudo do xénero teatral, as súas características e percorrido a través das distintas modalidades que o integran (traxedia, drama e comedia) ao longo dos diferentes períodos históricos da literatura universal. O docente entregará ao alumnado unha escolma de textos que ilustren estes conceptos para poder identificar, analizar e comentar sobre eles os trazos máis significativos de autores/as, obras e correntes literarias. A continuación, procederá á realización do proxecto final, que consiste na fundación dunha compañía teatral, á que é preciso asignar un nome, o rol desempeñado por cada alumno/a dentro	15	20	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Dialogar cos demais: o teatro	de la, a elaboración dun breve guion teatral arredor dalgún dos problemas máis preocupantes da sociedade actual, vinculados á coeducación, a gravación das secuencias interpretativas e a confección dun cartel publicitario que promocióne a súa representación.	15	20	X		
4	Mundos imaxinados: mitos, utopías, distopías e ciencia ficción	Esta unidade didáctica abordará o estudo da mitoloxía literaria, a construción e desenvolvemento da figura do heroe, a creación de espazos imaxinarios, viaxes a mundos de lenda e o deseño de criaturas fantásticas que integran a narrativa mítica. Estudaranse tamén os conceptos de utopía e distopía e as súas principais manifestacións literarias. O docente proporcionará unha selección de textos procedentes da literatura universal para a identificación e análise dos seus trazos máis salientables. Para a realización da tarefa final, a clase quedará dividida en grupos. Cada un deles encargárase do deseño dunha das fases da construción dun REA sobre as figuras fantásticas que integran o noso imaxinario cultural: listaxe de seres de ficción procedentes do cómic, a literatura e o cine, redacción das descricións de cada un, confección dun Quen é quen? arredor deles e construción orixinal dunha nova figura fantástica, as súas características, espazo no que se move e historia mítica que a define.	10	15		X	
5	Mundos observados: o conto e a novela	Esta unidade abordará o estudo das características máis destacadas do conto e a novela, dedicando especial atención á temática da desigualdade, a discriminación, a violencia, os abusos de poder, o colonialismo e a emancipación, as guerras e revolucións e a súa influencia na identidade propia e cultural. O docente realizará unha escolma de textos significativos ao respecto para localizar e comentar estes aspectos, xunto cos trazos formais e estruturais que definen o conto e a novela. Como tarefa final, propónse ao alumnado a creación dun muro dixital onde realicen un percorrido histórico pola produción narrativa das principais autoras da literatura universal, os movementos e correntes aos que se adscribiron, as súas obras máis representativas e as temáticas ás que se achegaron, establecendo paralelismos e diferenzas entre as súas respectivas traxectorias artísticas.	15	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Mundos de evasión: a literatura de aventuras, a novela policíaca e a literatura de terror	Nesta unidade, analizaremos aquelas modalidades narrativas que teñen como obxectivo principal entreter, feito que representa a esencia mesma da ficción. Estas novelas presentan ao lector un mundo imaxinario onde ao protagonista se lle outorgan as características dun heroe en conflito co seu entorno. O/A profesor/a distribuirá unha serie de textos de novelas significativas adscritas aos chamados mundos da evasión para que o alumnado recoñeza se se trata dunha novela de aventuras, policial ou de terror e identifique os trazos característicos de cada un destes xéneros. A clase dividirase en tres grupos para que cada un deles elabore un muro (utilizando, por exemplo, un padlet) coas características principais que identifiquen estas novelas. A continuación, deberán buscar exemplos de obras clásicas dentro de cada un destes xéneros e realizar unha exposición oral na que aborden a súa autoría, época histórica, argumento da obra, conflitos tratados e influencias con outras obras.	10	15		X	
7	Mundos en imaxes: o cómic e o cine	O cómic e o cinema son medios de comunicación verbo-icónica que narran historias nas que interveñen un ou varios personaxes. Ambos medios son un produto cultural que posúen os seus códigos propios e que gozan do aprecio do público adolescente. A maioría das bibliotecas dos centros educativos contan con seccións cada vez máis completas de cinema e cómic. Algunhas películas están baseadas en tramas ou técnicas de animación que teñen as súas orixes no cómic. É habitual que os filmes contén con guion visual ou Storyboard na engrenaxe da produción audiovisual. O alumnado visionará unha película que estea baseada nun cómic (Engurras, Persépole, O azul é unha cor cálida, etc) e, a continuación, divididos en grupos, realizarán un exercicio de Storyboard que represente unha parte da historia. Isto permitiranos conceptualizar a historia e ver como a interpreta cada grupo. Como actividade final, pódese xerar un debate para analizar como o texto fílmico reproduce a historieta.	10	15			X
8	A arte como compromiso: a literatura de ideas	Escritores e escritoras de todas as épocas denunciaron nos seus textos algunhas das secuelas que arrasan o noso mundo. A través dos seus textos, un escritor ou escritora pode criticar certos aspectos da	10	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A arte como compromiso: a literatura de ideas	sociedade e defender unha cuestión ética, política, social ou relixiosa, intervindo nos asuntos públicos de forma directa. A literatura como elemento de denuncia social está presente en obras emblemáticas da historia da literatura universal. O docente presentará en clase algúns temas de actualidade recente (por exemplo, a guerra de Ucraína) e pediralles ao alumnado que realice un traballo de investigación en grupo sobre as orixes e causas deste conflito. A continuación, deberá elaborar un texto de creación literaria que reflecta esta situación e defenda unha postura concreta. Podemos rematar cun debate en clase ao redor dos textos e temas tratados.	10	15			X
9	O ser humano, os animais e a natureza na poesía, a narrativa e o ensaio	A literatura que fala da relación dos seres humanos co medio natural é un xénero en alza que goza dunha longa tradición literaria. O vínculo emocional do home coa terra e a natureza é terreo sempre aboado para a literatura. O valor da natureza, a relación cos animais e a riqueza que achega ao ser humano son algúns dos asuntos sobre os que reflexionaron distintos autores e autoras. A actividade proposta consiste en que o alumnado elabore coas orientacións do profesorado unha webquest sobre a presenza da natureza na literatura desde a antigüidade ata os nosos días. A tarefa constará de varios apartados: relación de obras de distintos xéneros que traten esta temática; temas presentes nestas obras; selección de fragmentos das obras escollidas; postura do autor ou autora e a propia ante os temas tratados; exposición oral sobre a actualidade desta temática. Finalmente, o alumnado elaborará a webquest cos diferentes apartados sinalados. Este traballo poderá aloxarse nun blogue de aula.	10	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A poesía lírica e a canción	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.		
CA1.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	O alumnado será capaz de comparar axeitadamente, desde o punto de vista temático, formal, ético e estético, textos procedentes da literatura universal con outras expresións culturais ou artísticas.		
CA1.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	O alumnado será quen de colaborar axeitadamente na creación dun videopoema ou un videoclip, establecendo de forma razoada os vínculos artísticos entre a poesía lírica e a música.	PE	70
CA2.8 - Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	O alumnado será quen de realizar un proxecto de investigación sobre a evolución dos tópicos na poesía e na música actuais, como reflexo da evolución da sociedade desde o punto de vista da igualdade.		
CA3.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, a tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA1.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos literarios do patrimonio universal, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		
CA2.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	O alumnado será capaz de realizar, seguindo axeitadamente as pautas proporcionadas, unha exposición multimodal arredor da presenza e evolución dos tópicos literarios na poesía lírica e na música.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de acceder de maneira autónoma ás distintas manifestacións da cultura literaria, expresando de forma específica os motivos da súa elección e a experiencia lectora vinculada a ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dicer o eu. Identidade e literatura. - Poesía lírica. - A canción, forma de expresión dos sentimentos. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Identificación e análise dos tópicos literarios como elementos de continuidade na creación literaria. - Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria. - Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión e de oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Selección das obras de maneira autónoma e coa axuda de recomendacións especializadas. - Utilización autónoma e frecuente de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido. - Expresión da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, estruturais, estilísticos, xenéricos e aos valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas.

UD	Título da UD	Duración
2	A literatura biográfica, a realidade ficticia e a narrativa existencial	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	O alumnado será quen de colaborar axeitadamente na realización e edición dun relato dixital, establecendo de forma razoada os vínculos artísticos entre a literatura biográfica e o mundo audiovisual.	PE	60
CA2.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, a tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA2.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	O alumnado será capaz de comparar axeitadamente, desde o punto de vista temático, formal, ético e estético, textos procedentes da literatura universal con outras expresións culturais ou artísticas.		
CA2.8 - Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	O alumnado será quen de realizar axeitadamente un proxecto de investigación sobre as grandes preocupacións da sociedade actual, previo á construción dun relato existencial en formato dixital.		
CA3.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.		
CA1.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos literarios do patrimonio universal, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.	TI	40
CA1.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de acceder de maneira autónoma ás distintas manifestacións da cultura literaria, expresando de forma específica os motivos da súa elección e a experiencia lectora vinculada a ela.		
CA2.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	O alumnado realizará, seguindo axeitadamente as pautas proporcionadas, unha exposición multimodal arredor das características fundamentais e evolución da literatura biográfica e existencial.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	O alumnado será capaz de participar en coloquios literarios, analizando correctamente as diferenzas entre os personaxes masculinos e femininos que protagonizan a narrativa existencial estudada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dicer o eu. Identidade e literatura. - Literatura testemuñal e biográfica: diarios, cartas, memorias etc. - Realidade ficticia ou realidade representada: autobiografías, autoficción etc. - Narrativa existencial: personaxes en crise. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria. - Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión e de oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Participación en conversacións literarias e en intercambios de recomendacións lectoras en contextos presenciais e dixitais.

UD	Título da UD	Duración
3	Dialogar cos demais: o teatro	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.	PE	60
CA2.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.		
CA2.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	O alumnado será capaz de comparar axeitadamente, desde o punto de vista temático, formal, ético e estético, textos procedentes da literatura universal con outras expresións culturais ou artísticas.		
CA2.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal, ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	O alumnado será quen de colaborar axeitadamente na creación e gravación dun guion teatral, establecendo de forma razoada os vínculos artísticos entre a literatura dramática e o mundo audiovisual.		
CA2.8 - Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	O alumnado realizará axeitadamente un proxecto de investigación sobre as grandes preocupacións da sociedade actual, previo á construción dun guion teatral para súa interpretación posterior.		
CA1.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de acceder de maneira autónoma ás distintas manifestacións da cultura literaria, expresando de forma específica os motivos da súa elección e a experiencia lectora vinculada a ela.	TI	40
CA2.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos literarios do patrimonio universal, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	O alumnado será capaz de realizar, seguindo axeitadamente as pautas proporcionadas, unha exposición multimodal arredor das características fundamentais e evolución do teatro na literatura universal.		
CA3.8 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	O alumnado será capaz de participar en coloquios literarios, analizando correctamente as diferenzas entre os personaxes masculinos e femininos que protagonizan as manifestacións teatrais estudadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dicar o eu. Identidade e literatura. - Dialogar cos outros. - Fronte á lei ou ao destino: a traxedia. - Fronte ás convencións sociais: o drama. - Humor crítico, humor compracente: a comedia. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria. - Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión e de oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Utilización autónoma e frecuente de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas.

UD	Título da UD	Duración
4	Mundos imaxinados: mitos, utopías, distopías e ciencia ficción	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	O alumnado será capaz de comparar axeitadamente, desde o punto de vista temático, formal, ético e estético, textos procedentes da literatura universal con outras expresións culturais ou artísticas.		
CA1.8 - Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	O alumnado realizará axeitadamente un proxecto de investigación sobre as grandes heroínas da literatura mítica para a construción dun REA sobre as figuras fantásticas da tradición literaria.		
CA2.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.	PE	70
CA2.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal, ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	O alumnado será quen de colaborar axeitadamente na creación dun REA sobre mitoloxía, establecendo de forma razoada os vínculos entre a literatura fantástica, o cómic, o cine e o mundo audiovisual.		
CA3.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato dixital.		
CA2.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos literarios do patrimonio universal, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		
CA2.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de acceder de maneira autónoma ás distintas manifestacións da cultura literaria, expresando de forma específica os motivos da súa elección e a experiencia lectora vinculada a ela.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	O alumnado será capaz de realizar, seguindo axeitadamente as pautas proporcionadas, unha exposición multimodal arredor das características fundamentais dos seres fantásticos na literatura universal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dicar o eu. Identidade e literatura. - Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo. - Mundos imaxinados: mitos e narrativa. Mitoloxías. Heroes e heroínas. Viaxes imaxinarias. Espazos e criaturas fantásticas. Utopías, distopías, ciencia ficción. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria. - Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Selección das obras de maneira autónoma e coa axuda de recomendacións especializadas. - Expresión da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, estruturais, estilísticos, xenéricos e aos valores éticos e estéticos das obras.

UD	Título da UD	Duración
5	Mundos observados: o conto e a novela	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	O alumnado será quen de realizar axeitadamente un proxecto de investigación sobre a produción narrativa das principais autoras da literatura universal e as temáticas ás que se achegaron.		
CA3.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato dixital.		
CA3.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	O alumnado será capaz de comparar axeitadamente, desde o punto de vista temático, formal, ético e estético, textos procedentes da literatura universal con outras expresións culturais ou artísticas.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	O alumnado será quen de colaborar axeitadamente na creación dun muro dixital sobre a traxectoria narrativa das grandes autoras da literatura universal e os temas máis representativos da súa produción.		
CA1.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	O alumnado será capaz de realizar, seguindo axeitadamente as pautas proporcionadas, unha exposición multimodal arredor das características fundamentais do conto e a novela na literatura universal.		
CA1.9 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	O alumnado será capaz de participar en coloquios literarios, analizando correctamente os paralelismos e diferenzas entre a produción narrativa das autoras máis destacadas da literatura universal.	TI	40
CA2.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de acceder de maneira autónoma ás distintas manifestacións da cultura literaria, expresando de forma específica os motivos da súa elección e a experiencia lectora vinculada a ela.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal, atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras e establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos literarios do patrimonio universal, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dicar o eu. Identidade e literatura. - Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo. - ¿ Mundos observados: conto e novela. Bildungsroman ou novela de formación. Espazos privados, espazos públicos: afectos íntimos e lazos sociais. Desigualdades, discriminación, violencias. Guerra e revolución. Migracións e identidades culturais. Colonialismo e emancipación. Diálogos co poder. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria. - Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Indagación arredor do funcionamento da literatura como artefacto ideolóxico determinante na construción dos imaxinarios sociais e culturais, facendo fincapé na perspectiva de xénero. - Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. - Participación en conversacións literarias e en intercambios de recomendacións lectoras en contextos presenciais e dixitais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido. - Expresión da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, estruturais, estilísticos, xenéricos e aos valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.

UD	Título da UD	Duración
6	Mundos de evasión: a literatura de aventuras, a novela policíaca e a literatura de terror	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	O alumnado será capaz de comparar axeitadamente, desde o punto de vista temático, formal, ético e estético, textos procedentes da literatura universal con outras expresións culturais ou artísticas.		
CA1.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	O alumnado será quen de colaborar axeitadamente na creación dun muro dixital sobre as características fundamentais da narrativa de evasión, identificando os seus títulos e autores/as máis relevantes.	PE	45
CA2.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA1.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	O alumnado será capaz de realizar, seguindo axeitadamente as pautas proporcionadas, unha exposición multimodal arredor das características esenciais das obras máis relevantes da narrativa de evasión.		
CA2.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos literarios do patrimonio universal, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		
CA2.9 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	O alumnado será capaz de participar en coloquios literarios, analizando correctamente os paralelismos e diferenzas entre a produción narrativa dos autores/as máis destacados da literatura de evasión.	TI	55
CA3.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de acceder de maneira autónoma ás distintas manifestacións da cultura literaria, expresando de forma específica os motivos da súa elección e a experiencia lectora vinculada a ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dicitur o eu. Identidade e literatura. - Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo. - Mundos de evasión. A literatura de aventuras e a novela policial. Literatura de terror. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria. - Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. - Selección das obras de maneira autónoma e coa axuda de recomendacións especializadas. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido. - Recomendación das lecturas en soportes variados atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.

UD	Título da UD	Duración
7	Mundos en imaxes: o cómic e o cine	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA1.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.	PE	60
CA2.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	O alumnado será capaz de comparar axeitadamente, desde o punto de vista temático, formal, ético e estético, textos procedentes do cómic con outras expresións culturais ou artísticas, como o cinema.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal, ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	O alumnado será quen de colaborar axeitadamente na elaboración dun relato dixital coa aplicación Storyboard ou similar que reproduza de forma creativa parte de trama dunha película baseada nun cómic.		
CA1.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de acceder de maneira autónoma ás distintas manifestacións da cultura literaria, expresando de forma específica os motivos da súa elección e a experiencia lectora vinculada a ela.		
CA3.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	O alumnado será quen de realizar axeitadamente unha exposición multimodal comparando a película visionada en clase, o cómic orixinal e o produto creado polo grupo cunha aplicación dixital.	TI	40
CA3.8 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	O alumnado será quen de participar nun debate, analizando correctamente os paralelismos e diferenzas entre a película visionada en clase, o cómic do que procede e o relato dixital creado polo grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dicar o eu. Identidade e literatura. - Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo. - Mundos en imaxes. O cómic. O cinema. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Identificación e análise dos tópicos literarios como elementos de continuidade na creación literaria. - Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria. - Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión e de oralización implicados.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Utilización autónoma e frecuente de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas.

UD	Título da UD	Duración
8	A arte como compromiso: a literatura de ideas	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato dixital.	PE	70
CA1.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	O alumnado será capaz de comparar axeitadamente, desde o punto de vista temático, formal, ético e estético, textos procedentes da literatura de ideas con outras expresións culturais ou artísticas.		
CA2.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal, ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	O alumnado será quen de colaborar axeitadamente, seguindo pautas proporcionadas, na creación dun traballo de investigación de carácter argumentativo arredor dun tema de actualidade proposto en clase.		
CA2.8 - Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	O alumnado será quen de realizar axeitadamente un proxecto de investigación sobre a literatura como elemento de denuncia social presente nas obras máis emblemáticas do patrimonio universal.		
CA3.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos literarios do patrimonio universal, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		
CA1.9 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	O alumnado será quen de participar nun debate, analizando correctamente os textos literarios creados polo grupo arredor dun tema de actualidade, emulando as características da literatura de ideas.	TI	30
CA2.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de acceder de maneira autónoma ás distintas manifestacións da cultura literaria, expresando de forma específica os motivos da súa elección e a experiencia lectora vinculada a ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dicer o eu. Identidade e literatura. - Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo. - A arte como compromiso: o ensaio. A literatura de ideas - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria. - Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Indagación arredor do funcionamento da literatura como artefacto ideolóxico determinante na construción dos imaxinarios sociais e culturais, facendo fincapé na perspectiva de xénero. - Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Selección das obras de maneira autónoma e coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación en conversacións literarias e en intercambios de recomendacións lectoras en contextos presenciais e dixitais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido. - Expresión da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, estruturais, estilísticos, xenéricos e aos valores éticos e estéticos das obras.

Contidos
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.

UD	Título da UD	Duración
9	O ser humano, os animais e a natureza na poesía, a narrativa e o ensaio	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	O alumnado será quen de realizar axeitadamente un proxecto de investigación sobre a relación de autores/as e obras de distintos xéneros que abordan a importancia da natureza para a humanidade.	PE	55
CA2.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato dixital.		
CA3.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	O alumnado será capaz de comparar axeitadamente, desde o punto de vista temático, formal, ético e estético, textos que aborden o valor da natureza con outras expresións culturais ou artísticas.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	O alumnado será quen de colaborar axeitadamente na creación dunha webquest sobre a presenza da natureza na literatura desde a antigüidade ata os nosos días, aloxando o produto final no blogue de aula.		
CA1.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	O alumnado será quen de realizar axeitadamente, seguindo as pautas proporcionadas en clase, unha exposición multimodal arredor da presenza da natureza na literatura universal e a actualidade do tema.	TI	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	O alumnado será quen de participar nun debate, analizando correctamente os textos literarios que describen a relación do ser humano coa natureza e co mundo animal, incentivando o seu coidado.		
CA3.3 - Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal, atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras e establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos literarios do patrimonio universal, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		
CA3.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de acceder de maneira autónoma ás distintas manifestacións da cultura literaria, expresando de forma específica os motivos da súa elección e a experiencia lectora vinculada a ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dicer o eu. Identidade e literatura. - O ser humano, os animais e a natureza: admiración, sobrecollemento, denuncia. Poesía, narrativa e ensaio. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria. - Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Indagación arredor do funcionamento da literatura como artefacto ideolóxico determinante na construción dos imaxinarios sociais e culturais, facendo fincapé na perspectiva de xénero. - Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Selección das obras de maneira autónoma e coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación en conversacións literarias e en intercambios de recomendacións lectoras en contextos presenciais e dixitais. - Utilización autónoma e frecuente de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, estruturais, estilísticos, xenéricos e aos valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas.

Contidos

- Recomendación das lecturas en soportes variados atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Literatura Universal pretende fomentar o interese pola lectura alén de desenvolver o pensamento de carácter abstracto e formal, favorecendo a autonomía do alumnado e, ao mesmo tempo, estimulando as súas habilidades para o traballo en equipo. Tamén pretende estimular o traballo en equipo e a capacidade investigadora do alumnado.

Se ben o currículo da materia propicia o acceso directo ao coñecemento por parte do alumnado, sen necesidade de que o docente adopte o rol de transmisor ou formador único, outorgando unha maior importancia á indagación, á consulta e selección da información e ao tratamento e transformación desta en coñecemento a través do emprego das TIC, como fontes de acceso ao saber e como ferramentas de presentación de traballos, no noso centro, como o acceso aos pc non vai se sempre posible teremos que recorrer a outras ferramentas.

Daráselle á materia un carácter interdisciplinar. Colaborarase con outros departamentos do centro: co Equipo de Dinamización Lingüística, co Departamento de Historia, coa Biblioteca Escolar e con todos aqueles que, nun momento determinado se considere oportuno.

Organizarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de diferentes actividades a partir de textos literarios extraídos do patrimonio universal, de forma que o alumnado deba empregar un amplo abano de recursos e saberes para poder afrontar con eficacia a súa interpretación, favorecendo o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, para traballar en grupos.

3) Emprego de estratexias para traballar transversalmente a comprensión e a recomendación lectora a través da expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e o fomento da creatividade:

-Lectura autónoma de obras ou fragmentos de obras relevantes da literatura universal para suscitar reflexión e debate sobre a experiencia lectora de cada alumno e alumna, establecendo vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos, autores e autoras, tópicos e manifestacións artísticas e culturais.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura universal, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais.

4) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos literario e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

5) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos.

6) Realización de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios referidos á forma e ao contido dos fragmentos propostos, vinculándoos temática e/ou estilisticamente con outras expresións ou manifestacións artísticas.

8) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados, en distintos soportes, respectando os diferentes moldes xenéricos.

9) Deseño de proxectos de investigación sobre temas curriculares que impliquen a procura e selección da información procedente de diversas fontes e a súa transformación nun produto final a través do que o alumnado transfira as súas propias conclusións e as comunique de xeito orixinal e creativo.

10) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e de resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.

11) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

12) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materias audiovisuais: grabacións de cine e teatro - profesional ou afeccionado, televisión, audios de conferencias ou entrevistas, poesía recitada, etc.
Documentos e recursos elaborados e/ou facilitados pola profesora.
Aula virtual.
Biblioteca do centro.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Literatura Universal debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Literatura Universal supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos literarios orais, escritos e multimodais para a súa análise e comentario.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos de autores e autoras relevantes da literatura clásica e contemporánea, procedentes do patrimonio universal. Así mesmo, convén insistir no deseño de actividades que favorezan o desenvolvemento do pensamento abstracto e asociativo dos e das estudantes, establecendo as relacións histórico-culturais entre as obras literarias e outras manifestacións artísticas e/ou filosóficas do mesmo ou distinto período cronolóxico. Planifícanse, polo tanto, tarefas nas que prime a análise intra e intertextual, así como o estudo da evolución dos temas, tópicos, estruturas e códigos comunicativos ao longo da historia de literatura, en comunión cos cambios na mentalidade e na organización social operados desde a Idade Media ata a actualidade.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade persoal, social e académica do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nas unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Potenciarase a creación de recursos dixitais individuais, como o portfolio ou o diario de lectura; colectivos, como o blogue de aula ou os murais interactivos; ou a utilización de aplicacións informáticas para a gravación das producións orais dos estudantes. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Dicionario da Real Academia Española: www.rae.es
 Dicionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd
 Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com
 Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
 Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com
 Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>
 Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>
 Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>
 Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>
 Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>
 Wikiversidad: <https://es.wikiversity.org/wiki/Portada>
 Lugares, libros e autores: <https://www.worldliteraryatlas.com/es>
 Literatura universal, en español: <https://www.march.es/es/madrid/literatura-universal-espanol>
 Poéticas: http://poeticas.es/?page_id=2
 A media voz: <http://amediavoz.com/traduccion.htm>
 Cine e educación: <http://educomunicacion.es/cineyeducacion/index.htm>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, realizarase unha proba co obxectivo de comprobar o nivel de comprensión lectora e o coñecemento de conceptos básicos de teoría literaria (tópicos literarios, xéneros, recursos estilísticos, métrica...). Na medida do posible intentarase coñecer a traxectoria lectora do alumnado, gustos, preferencias, intereses para telo en conta no traballo de aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	10	15	10	10	10	10	100
Proba escrita	70	60	60	70	60	45	60	70	55	61
Táboa de indicadores	30	40	40	30	40	55	40	30	45	39

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

- Probos, orais e/ou escritos en cada unidade didáctica. Mínimo 1 por unidade.
- Traballos, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): tarefas na aula, traballos escritos, exposicións orais, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística.

A ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas.

Avaliación final:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- A media entre as tres avaliacións, é igual ou superior a 5.

A cualificación final será a media ponderada das tres avaliacións (35%, 35%, 30%).

Criterios de recuperación:

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame global. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Fará o seguimento da materia pendente a persoa que imparta a materia de Literatura Universal, quen informará e orientará ao alumnado afectado desde o primeiro mes de clase e ata o remate do procedemento. Facilitáraselle ao alumnado un caderno de actividades e material necesario para repasar a materia.

Establécense dunhas maneiras de superar a materia:

- Realización de dous exames parciais (un no mes de decembro e outro en marzo). A cualificación obtense da media das dúas probas. Recupérase a materia con 5 ou máis puntos.
- Realización dun exame global a final do curso, en data fixada pola xefatura de estudos. Recupérase a materia cunha cualificación de 5 ou superior.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

-Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

-Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.

-Deseño de programas específicos de reforzo e de ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

-A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X		
ET.3 - A educación emocional e en valores		X	X		X			X
ET.4 - A creatividade e a formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero	X		X	X			X	X
ET.6 - O compromiso co desenvolvemento sostible					X			X
ET.7 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática		X			X		X	X

	UD 9
ET.1 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.2 - A competencia dixital	X
ET.3 - A educación emocional e en valores	X
ET.4 - A creatividade e a formación estética	X
ET.5 - A igualdade de xénero	
ET.6 - O compromiso co desenvolvemento sostible	X
ET.7 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática	X

Observacións:

No artigo 19 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser respectuosos coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmos e colaborar e traballar en equipo; ser creativos e emprendedores. Tamén deben estar comprometidos co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Entrevistas ficticias a autores e autoras representativos da literatura universal.	O docente dividirá a clase en grupos e outorgaralle a cada un deles un autor ou autora representativo do programa do curso. Cada grupo recabará información sobre ese autor ou autora e preparará unha entrevista atendendo a aquelas cuestións que considere relevantes da súa obra. Unha persoa do grupo fará de entrevistado, outro de xornalista, outro de editor e outro montará a entrevista nun blogue de aula. Esta actividade permitirá afondar nos coñecementos sobre a figura e obra do autor ou autora estudado, fomentará a creación literaria, a expresión escrita e a comprensión lectora. Para realizar as tarefas demandas, o alumnado deberá aprender a xestionar e seleccionar correctamente a información, terá que traballar en equipo.			
Participación no certame Ven veñas, maio, organizado polo Concello de Pontevedra.	Colaborarase co alumnado na participación de diferentes categorías.			
Roteiro literario.	Roteiro organizado polo Concello de Pontevedra. Realizarase ou non segundo a oferta do Concello.			
Asistencia a unha representación teatral.	Poderá realizarse ou non en función da oferta teatral na cidade.			

Observacións:

A estas actividades engadiráselle algunha máis en función da oferta que exista na cidade durante o curso escolar sempre e cando sexa posible e co visto e prace dos órganos competentes do Centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Informouse ao alumnado da distribución dos contidos en unidades didácticas e dos procedementos e criterios para a avaliación e recuperación.
Realizouse algunha das actividades complementarias programadas.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo).
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Literatura Universal estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.

- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

9. Outros apartados